##### **1. Inicio do proceso de revisión da MVT do Grao de Historia da USC**

**Punto débil:** Mellorar as deficiencias detectadas na MVT do Grao de Historia da USC durante o seu proceso de implantación

**Ámbito de aplicación:** Grao de Historia

**Responsable:** Decanato da Facultade de Xeografía e Historia. Comisión redactora do título.

**Obxectivos específicos:** Mellorar a titulación.

**Actuacións a desenvolver:** Análise, modificación e corrección das deficiencias detectadas durante o proceso de implantación.

**Período de execución:** Inicio: curso 2013-2014. Finalización: Novembro 2015. Implantación (condicionado a la verificación) curso 2016-17.

**Recursos/financiamento:** Non se precisan.

**Responsable do seguimento:** Coordinador de Grao do título, Decano do Centro.

**Indicadores de execución:** Nomeamento da Comisión redactora: 2013-14

Proposta de modificación da MVT: Novembro 2015

<b>BREVE DESCRIPCIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>
Modificación y actualización de la memoria	Revisar a memoria da titulación para actualizarlal según a normativa da USC. Ademais dado que a titulación participa no programa piloto da USC para a verificación do título no 2014 e lóxico pensar que haxa que facer modificacións en funcion das conclusións do informe de acreditación

## Xustificación

Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Datos da inserción laboral dos titulados no SUG 2008-2009

IN01-PC-05 Prazas ofertadas: 100 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN03-PC-05 Matrícula de novo ingreso: 110 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN10-PC-05 Relación de estudantes preinscritos sobre as prazas ofertadas (Grao): 93 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN07-PC-05 Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis: 97,22 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN12-PC-05 Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas: 110 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

O Grao de Historia da USC é un título sobradamente xustificado como consecuencia de ser o único que existe no mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia. O Grado de Historia é unha titulación que conta cunha demanda importante, como o demostra o feito de que nos seus catro anos de implantación cubríronse o 100 % das prazas ofertadas: (matrícula de novo ingreso: curso 2009-10: 105; curso 2010-11: 105; curso 2011-12: 112; curso 2012-13: 110. Fonte: IN03-PC-05) con alumnos procedentes da convocatoria de Selectividade de Xuño, o que demostra que, para moitos deles, é a súa primeira ou unha das súas primeiras opcións. Así o nº de preinscritos na titulación sobre as prazas ofertadas e de 93 Fonte: IN10-PC-05, dos cales matriculáronse 110, tendo 97,22 % unha nota de acceso igual ou superior a un 6 Fonte: IN07-PC-05.

Todos estes datos xustifican xa por si mesmos a titulación e a súa vixencia.

No que respecta a taxa de inserción laboral dos graduados na nosa titulación carecemos de datos reais. Na actualidade so podemos presentar os datos da licenciatura: unha taxa de inserción laboral (13,38) superior a media das titulacions de Arte e Humanidades do SUG (9,91) e da USC (9,38) (Datos análise da inserción laboral dos titulados no SUG 2008-2009). Isto explicase porque a saída tradicional dos nosos titulados que e o ensino, nestes momentos vese fortemente limitada pola falta de convocatorias públicas. A pesares de isto, os nosos titulados amosan unha gran versatilidade a hora de integrarse no mercado laboral, e unha grande adaptación as novas saídas profesionais que demanda a sociedade. Atendendo as novas competencias que se traballan no Grao, cabe pensar que esta versatilidade mellorara no futuro o que se reflexara na taxa de inserción laboral.

### BOAS PRÁCTICAS:

1. Boa adecuación dos contidos docentes do título as novas necesidades do mundo laboral.
2. Realización todos os anos de un curso de orientación laboral para os alumnos dos últimos cursos no que participan entidades públicas e privadas.
3. Manteñemento actualizado da web do título.
4. Gran implicación das entidades públicas e as empresas nas prácticas externas.

### PROPOSTAS DE MELLORA:

1. **Elaboración do Plan estratéxico, Programación Plurianual e Plan de Mellora do Centro**

**Punto débil:** A complexidade do SIGC ha impedido desenrolar un plan estratéxico hasta este momento

**Ámbito de aplicación:** Facultade de Xeografía e Historia

**Responsable:** Decanato da Facultade de Xeografía e Historia, Comisión de Calidade

**Obxectivos específicos:** Definir as liñas de interese e actuación da titulación cara o futuro, tendo en conta as novas demandas e esixencias da sociedade

**Actuacións a desenvolver:** Elaboración do Plan estratéxico, programación plurianual e plan de mellora.

**Período de execución:** Unha vez acabado o proceso de avaliación e acreditación do Título (curso 2013-14)

**Recursos/financiamento:** Non se precisan.

**Responsable do seguimento:** Decano do Centro, Comisión de Calidade e Xunta de Facultade

**Indicadores de execución:** Plan estratéxico, Programación plurianual e Plan de Mellora

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS



## Competencias/Obxectivos

Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

IN50-S01-PM-01: Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 3,71 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

Os obxectivos e as competencias do Grao de Historia aparecen recollidos de forma accesible na web do centro:

<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12651&estudio=12652&codEstudio=12253&valor=9>.

Ademais, as competencias aparecen recollidas nas programacións de cada unha das materias da titulación, sendo publicadas e revisadas pola Comisión do título para evitar que se produzan solapamentos, ao tempo que se potencia a coordinación entre os departamentos e os profesores implicados na docencia para garantir todos os aspectos recollidos na Memoria da Titulación. O Centro tamén solicita aos profesores a guía docente na que se publican de unha forma máis exhaustiva e actualizada as competencias e obxectivos das materias.

O esforzo realizado neste ámbito reflíctese nos resultados das diversas enquisas de satisfacción do alumnado. Deste xeito, a satisfacción xeral do alumnado do Grao de Historia é dun 3,71 (sobre 5) (Fonte IN50), mentras que a enquisa de satisfacción de egresados ofrece os seguintes resultados: adquisición ou potenciación das competencias do título 3,58 (sobre 5), media que incluso resulta superada nos seguintes aspectos: capacidade para a aprendizaxe (3,62), pensamento crítico (3,65), comunicación oral o escrita (3,61), traballo en equipo (3,75), traballo independente (3,98), capacidade de análise (3,68), asunción de responsabilidade (3,80) e capacidade de resolución de problemas (3,65). No futuro, deberase centrar o esforzo naqueles ítems da enquisa que non acadan a media (Fonte: IN48.S01-PM-01: Títulos de Grao da USC. Informe de enquisa de satisfacción de egresados 2012)

Boa proba da adquisición polo alumnado das competencias traballadas durante a realización do Grao son os resultados da enquisa realizada no marco das PAE aos titores externos. O grado de satisfacción dos empregadores cos alumnos en prácticas foi de 4,75, o que pon de manifesto a adquisición dos nosos alumnos das competencias profesionais que os capacitan para integrarse na vida laboral.

<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pae.html>

Os datos derivados da lectura dos primeiros Traballos de Fin de Grao realizados evidencian a consecución polo alumnado dos obxectivos e competencias do título. Cabe salientar o elevado grado de cumprimento dos traballos, pois foron leídos 41 traballos dun total de 45 matriculados. Todos os traballos presentados foron avaliados como aptos, acadando o 2% unha nota superior a 6,e o 27% unha nota superior a 8:

<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/tfg.html>

#### BOAS PRÁCTICAS:

- 1.- Revisión das programacións das materias pola Comisión do título previo a súa aprobación pola Xunta de Facultade e tras a revisión polos Consellos de departamento .
- 2.- Solicitud por parte do Decanato aos profesores da Guía Docente
- 3.- Información pública e actualizada na web sobre obxectivos e competencias da Titulación.
- 4.- Reunions de Coordinación entre os profesores para garantir a dirtribución dos obxectivos e competencias entre as

diversas materias

5.-Realización dunha enquisa propia para avaliar o grao de satisfacción dos titores externos das PAE cas competencias dos nosos alumnos..

6- Realización dun curso de competencias informacionais sobre busca de bibliografía na rede e sistemas de cita bibliográfica, dstinado ao alumnado.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>

## Acceso e admisión de estudantes

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusiones:

IN02-PC-05 Matrícula :400 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN01-PC-05 Prazas ofertadas: 100 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN03-PC-05 Matrícula de novo ingreso: 110 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN04-PC-05 Variación da matrícula de novo ingreso: -4,35 - 02/10/2013

IN09-PC-05 Porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados: 5,5 - 02/10/2013

IN12-PC-05 Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas: 110 - 02/10/2013

IN06-PC-05 Nota media de acceso por preinscrición: 8,55 - 02/10/2013

IN05-PC-05 Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación menor a seis: 2,78 - 02/10/2013

IN08-PC-05 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados: 0,25 - 02/10/2013

IN10-PC-05 Relación de estudantes preinscritos sobre as prazas ofertadas (Grao): 93 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN07-PC-05 Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis: 97,22 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

O núcleo fundamental dos alumnos que acceden a nosa titulación proceden do bachillerato tras haber superado as probas de acceso a Universidade. Tamén existen outros camiños de acceso a titulación: maiores de 40 anos e os que contan con exoerencia profesional. Esta titulación participa no programa Ponte para difundir e mellorar o coñecemento sobre ela entre os alumnos do ensino secundario. Ademais na páxina Web da Facultade de Xeografía e Historia aparece unha información detallada de todos os aspectos importantes da titulación (materias, horarios...):

<http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/graohis.html>

Boa proba da correcta difusión do Grao de Historia e o número de alumnos que se preinscriben en Xuño: curso 2009-10: 93; curso 2010-11: 79; curso 2011-12: 93; curso 2012-13: 93 (Fonte IN10) con unha nota media de 8,55 (Fonte IN06).

Ao comenzo de cada curso realízase unha Xornada de Presentación do Grao por parte da equipa decanal e da Coordinación do Grao na que se ofrece información básica para o alumno: funcionamento da Biblioteca, Horarios, Aulas de Informática, e outros servizos da Facultade. Igualmente procédese á presentación dos Alumnos Tutores. Dende fai dous anos a Facultade participa no Programa de Alumnos Tutores creado pola USC. De esta forma os alumnos saben a quen dirixirse (coordinadores e alumnos tutores) ante calquer problema que se lle presente:

[http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/modules/news/news\\_0001](http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/modules/news/news_0001).

Toda esta labor de apoio aos novos estudantes complementase con reunións cuatrimestrais entre os alumnos e os coordinadores de curso para facilitar a súa integración na Universidade e unha boa comunicación cos profesores.

A experiencia dos últimos 4 anos, demostra que a demanda da Titulación do Grao de Historia é adecuada, resultando moi estable e regular. No curso 2012-13 o número de matriculados na titulación era de 400 (Curso 2009-10: 112; curso 2010-11: 223; curso 2011-12: 326; curso 2012-12: 400 Fonte IN 02). A pesares de que a variación de matrícula de novo ingreso é negativa (-4,35 Fonte IN04) este dato non é significativo xa que nos 4 anos que leva implantada a titulación cubríronse o 100% das prazas ofertadas: De 100 prazas ofertadas matricularonse 110 alumnos (Curso 2009-

10: 105; curso 2010-11: 112; curso 2011-12: 105; curso 2012-12: 110 Fonte IN03). Dos que o 97,22% dos estudantes matriculados na titulación teñen unha nota media igual o superiores a 6 (Fonte IN07) . A procedencia dos nosos estudantes e maioritariamente galega, somentes o 0,25% procede do extranxeiro (Fonte IN08). Aínda que no curso 2012-13 houbo un aumento significativo de estudantes de fora de Galicia (Curso 2010-11:0,45%; curso 2011-12: 0,61%; curso 2012-12: 5´5% Fonte IN09).

**BOAS PRÁCTICAS:**

- 1.- Información actualizada para o alumnado durante o proceso de acceso e admisión a través da web da Facultade e das pantallas de información do Centro.
- 2.- Disponibilidade cara ao alumnado tanto da equipa decanal como dos coordinadores de Grao e de Curso.
- 3.- Participación no Programa Ponte da USC.
- 4.- Reunions de presentación para os alumnos de primeiro, fixados no horario oficial do Grao
- 5.- Participación no programa de alumnos titores
6. Diseño dun programa multimedia publicado na Web da Facultade con información xeral sobre o Grao
- 7.- Mantemento e actualización do Plan de acción tutorial da USC
- 8.- Públicación na páxina web do centro dun power point de presentación da titulación:  
<http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/graohis.html>

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>
<p>Mellora da información publicada na web da Facultade dirixida aos alumnos.                      Reunion informativa cos alumnos de primeiro de Grao antes de iniciar o curso.</p>	<p>Execución das propostas de mellora número 1 e 2 do apartado acceso e admisión de estudantes do Informe do curso 2011.12</p>

## Planificación das ensinanzas

*Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### **Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

IN12-PC-05: Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas :110 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN05-PC-05: Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación menor a seis: 2,78 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN07-PC-05: Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis: 97,22 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN06-PC-05: Nota media de acceso por preinscripción : 8,55 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN08-PC-05: Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados :0,25 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN09-PC-05: Porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados: 5,5 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN16-PC-08: Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados: 4 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN17-PC-08: Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados: 11,5 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN21-PC-09: Estudantes egresados do título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados dese título no mesmo curso académico: 65,96 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN50-S01-PM-01: Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 3,71 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IN51-S01-PM-01: Satisfacción do profesorado coa docencia impar: 2,94 - 02/10/2013 - Anual-SIGC  
 IXA-04: Actas Fora de Prazo: 24,44 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

Todo o relacionado cos procesos de planificación do ensino no Grao de Historia atense aos criterios e principios establecidos na MVT, tanto no que respecta a súa estrutura, como a descrición en detalle de módulos e materias, e a planificación e a xestión da mobilidade dos estudantes.

[http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0313\\_graos\\_memorias.html#artes\\_humanidades](http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0313_graos_memorias.html#artes_humanidades)

Para acadar o título de graduado en Historia , o alumnado ten que cursar un total de 240 créditos ECTS (60créditos ECTS de formación básica, 150 créditos ECTS obrigatorios (dentro dos que se inclúe o traballo fin de Grao con 6 créditos ) e 30 ECTS optativos dos que 6 créditos poden obtelos con prácticas externas. Ademais é imprescindible para poder graduarse ter superado o exame de lingua estranxeira nivel B1 que existe a USC.

A actividade docente organízase en Docencia Expositiva (exposición, mediante clases maxistras, dos contidos teóricos das materias) e Docencia Interactiva (orientada a acadar a participación do alumnado mediante a oferta de distintos tipos de actividades: comentarios de textos ou mapas históricos, seminarios de lectura, etc.), esta última se completa, ademais, con Prácticas de Campo e tutorías personalizadas. As dúas primeiras semanas do cuatrimestre adicanse a docencia expositiva para que o alumno teña uns coñecementos básicos que lle permitan aproveitar mellor as clases interactivas. O resto do cuatrimestre combínase as clases expositivas (2 horas) e as interactivas (1 horas)con un vernos no cuatrimestre adicado a prácticas de campo e unha semana a tutorías personalizadas. O alumno ao longo dos 4 anos vai desenrolando todas as competencias recollidas na memoria do título, completándose a súa formación cunha acercamento ao mundo laboral mediante as prácticas en empresa. O sistema de enseñanza é presencial de ahí que os alumnos podan matricularse a tempo parcial ou completo.

Os horarios dos cursos e as datas dos exames aparecen publicados na web e no tablón de anuncios da Facultade. Procúrase reservar un día a semana libre para que os alumnos poidan participar nas diferentes actividades que o centro organiza: conferencias, reunións, charlas informativas....:

[http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/modules/news/news\\_0004.html](http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/modules/news/news_0004.html)

Cada unha das materias da titulación contan cunha programación publicada na web da Facultade: na que aparece desde o nome do profesor que imparte a asignatura, o temario das clases teóricas, os contidos das clases prácticas, as competencias a acadar, metodoloxía a empregar, sistemas de avaliación, criterios de calificación, tempo de estudo e de

traballo persoal: <http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/programas.html?plan=12651>. Voluntariamente a maior parte do profesorado ten a súa guía docente donde ofrecen un análise máis exhaustivo da materia, e que publica na súa aula virtual.

Todas as programacións son revisadas tanto polos departamentos como pola Comisión do Título e son aprobadas en Xunta de Facultade. Regularmente convócanse reunións de seguimento co profesorado para reforzar a coordinación tanto horizontal (mesmo curso) como vertical (distintos cursos) das materias da titulación para evitar solapamentos de contidos. Tamen no curso 2011-12 iniciamos a coordinación das clases interactiva se das prácticas de campo para, por un lado, ver que se traballan todas as competencias e evitar que se repitan e, por outro lado, para comprobar que a carga de traballo que se lle pide ao alumno non sexa excesiva. Un logro a salientar é que a maior parte do profesorado xa utiliza as aulas virtuais, nas que publica as guías docentes, o material das clases, recibe os traballos dos alumnos e comunícase con eles. A facultade integrouse tamén no Plan de Acción Titorial no esforzo realizado en favor da mellor integración do alumnado: [http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/modules/news/news\\_0001.html](http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/modules/news/news_0001.html)

A titulación tivo no ano 2011-12 unha nota media de acceso por preinscrición de 8,55 (Fonte IN06). De 100 prazas que oferta tivo unha matrícula de novo ingreso de 110 alumnos no ano 2012-2013 (( Curso 2009-10: 105; curso 2010-11: 112; curso 2011-12: 105; curso 2012-12: 110 Fonte IN12). Dos que o 97,22% dos estudantes matriculados na titulación teñen unha nota media igual o superiores a 6 ( Fonte IN07) . A procedencia dos nosos estudantes é maioritariamente galega, sómentes o 0,25% procede do extranxeiro (Fonte IN08). Aínda que no curso 2012-13 houbo un aumento significativo de estudantes de fora de Galicia (Curso 2010-11:0,45%; curso 2011-12: 0,61%; curso 2012-12: 5´5% Fonte IN098).

En canto aos programas de mobilidade a titulación ten 32 convenios Erasmus e 24 Sicue firmados. No curso 2012-13 foron de Erasmus 11 alumnos; 7 de Sicue (a titulación recibiu 12 de fora) e 1 de convenio bilateral. A titulación tivo no curso 2012-13 un porcentaxe de estudantes recibidos por programas de mobilidade sobre o total de matriculados de 11,5 (curso 2010-11: 15; curso 2011-12: 26. Fonte IN17). As cifras tan baixas de mobilidade explícanse pola aínda recente implantación do Grao.

Tanto para os estudantes que van fora como para os saintes a información é pública e accesible na web da USC:

[http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/estudiantes\\_outgoing.html](http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/estudiantes_outgoing.html)

[http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/estudiantes\\_incoming.html](http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/estudiantes_incoming.html)

Ademais os estudantes teñen axuda personalizada a través dos coordinadores Erasmus e da RAM da Facultade.

No referente as prácticas externas, a titulación ten 38 convenios firmados con diversas institucións e entidades públicas e privadas. No curso 2012-13 o 42% dos alumnos matriculados realizou as prácticas en 22 institucións. O 65,96% dos estudantes do título egresados realizaron prácticas externas ao longo dos seus estudos (fonte: IN21-PC-09). O grao de satisfacción xeral do alumnado cas PAE é alto (4,08 sobre 5). O mesmo ocorre cos títulos externos (4,75) e cos títulos académicos (4,70):

<http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/pae.html>.

Requisito obrigatorio para a obtención do Grao en Historia é a realización do Traballo de Fin de Grao. A titulación ofrece unha lista de liñas temáticas cos seus correspondentes profesores títulos. O alumno pode elixir o traballo a desenvolver en función da súa interese polo campo temático. <http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/tfg.html>

No pasado curso 2012-2013, léronse o 91% dos traballos matriculados, dos que 45% acadou a cualificación de Sobresáinte (2 matrículas), o 43% Notable, e o 12% Aprobado, polo que o grao de satisfacción no relativo tanto á execución como á calidade dos traballos acometidos é satisfactorio:

Boa mostra do esforzo realizado no tocante á planificación e organización interna na Titulación é que o 78,95% dos alumnos egresados volvería a cursar o título (Fonte: Informa da Enquisa de Satisfacción de Egresados/as (2012, USC). Igualmente, o grao de satisfacción dos alumnos acadou un bo nivel (3,71 sobre 5), aínda que o dos profesores da Titulación resulta mellorable (2,94).

**BOAS PRÁCTICAS:**

- 1.- Publicación dos horarios na web da Facultade para facilitar a claridade dos horarios expostos na web da USC. Así como das programacions en nas dúas linguas oficiais da USC e en inglés .
- 2.- Ensino presencial.
- 3.- Mantemento das titorías personalizadas
- 4.- Creación por parte do Centro dun grupo de docencia interactiva para manter un número reducido de alumnos por grupo.
- 5.- Financiamento propio do Centro, pese aos problemas económicos, para seguir ofrecendo aos alumnos a realización de Prácticas de Campo.
- 6.- Reunións periódicas do profesorado para a coordinación do labor docente, tanto teórico como práctico.
- 7.- Utilización de Aulas Virtuais, incorporadas maioritariamente ao traballo docente diario, nas que o profesor publiva a súa guía docente.
- 8.- Organización de Xornadas sobre Saídas Profesionais da Titulación.:  
<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/infotitulos.html>
- 9.- Organización de cursos en liña de competencias informacionais.
- 10.- Esforzo constante na procura de novos convenios para a realización das PAE.
- 11.- Mantemento das tutprías personalizadas según o establecido na MVT
- 12.- Elaboración de regulamentos tanto para os traballos fin de Grao como para as prácticas externas.

**PROPOSTAS DE MELLORA:****1.- Mellora da coordinación vertical (entre asignaturas de distintos cursos) do Grao e Horizontal (mesmo curso).**

**Punto débil:** irregular compromiso e participación do profesorado

**Ambito de aplicación:** Grao de Historia

**Responsable:** Coordinador do título do Grao; coordinadores de curso e profesores

**Obxectivos específicos:** evitar solapamentos de contidos e reparto de competencias entre as materias.

**Actuacións a desenvolver:** periódicas reunións de coordinación.

**Período de execución:** curso 2013-2014

**Recursos/ Financiación:** non se precisan.

**Responsable do seguimento:** Coordinador do Grao e coordinadores de curso

**Indicadores de execución:** calendario de reunións

**2.- Modificación de asignación de cuatrimestre de materias obrigatorias de 4º curso**

**Punto débil:** a excesiva concentración de asignaturas obrigatorias no 2º cuatrimestre fai cos alumnos esten sobrecargados e non poidan facer as PAE nin os TFG

**Ambito de aplicación:** Grao de Historia

**Responsable:** Vicerrectorado, Decanato e Departamentos de Historia

**Obxectivos específicos:** Evitar a sobrecarga de traballo dos alumnos no 2º cuatrimestre.

**Actuacións a desenvolver:** modificación do PDA e dos horarios

**Período de execución:** curso 2013-14

**Recursos/ Financiación:** Non se precisa

**Responsable do seguimento:** Decanato, Departamentos implicados e coordinador do título

**Indicadores de execución:** PDA e horarios.

**3.-Creación dunha convocatoria extraordinaria de fin de Grao**

**Punto débil:** Dificultade para graduarse dos alumnos que no no hayan podido facer nas convocatorias ordinarias do curso

**Ambito de aplicación:** Grao de Historia

**Responsable:** Vicerrectorado de titulacions, Decanato e Departamentos de Historia

**Obxectivos específicos:** Facilitar a graduación aos alumnos.

**Actuacións a desenvolver:** Crear un calendario de exámenes no mes de xaneiro

**Período de execución:** curso 2013-14

**Recursos/ Financiación:** Non se precisa

**Responsable do seguimento:** Vicerrectorado de titulacions, Decanato, Departamentos

**Indicadores de execución:** Calendario de exames para a convocatoria fin de grao no mes de xaneiro .

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
<p>Publicación na web do centro das programacions de todas as materias da titulación que conteñen toda a información básica para o alumnado e publicación, nas aulas virtuais dos profesores, de guías docentes mais detalladas.</p> <p>Creación dun grupo de centro interactivo</p> <p>Mellora do financiamento das prácticas de campo mediante recursos propios da facultade.</p> <p>Aumento da utilización das aulas virtuais polos profesores.</p>	<p>Execución das propostas de mellora número 2, 3 e 4 do apartado Planificación das ensinanzas do Informe do curso 2011-12</p>



## Recursos humanos

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

IN29-PS-01: Estudiantes por profesor: 7,14 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN30-PS-01: Media de alumnos por grupo de teoría: 62,4 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN31-PS-01: Media de alumnos por grupo de práctica: 30,12 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN23-PS-01: Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI con quinquenios: 82,14 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN24-PS-01: Nº PDI doutor/Nº PDI total: 100 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN25-PS-01: Relación porcentual entre o número total de PDI funcionario sobre o total de PDI: 83,93 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN29-PS-01: Estudiantes por profesor: 7,14 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN30-PS-01: Media de alumnos por grupo de teoría: 62,4 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN31-PS-01: Media de alumnos por grupo de práctica: 30,12 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN50-S01-PM-01: Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 3,71 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

IN51-S01-PM-01: Satisfacción do profesorado coa docencia impar: 2,94 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

O Grao de Historia conta con persoal suficiente para cubrir as necesidades docentes:

<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/departamento.html>

Todos os profesores que imparten docencia na titulación son doctores (curso 2009-10: 90; curso 2010-11: 88,57; curso: 2011-12: 87,27; curso 2012-13: 100. Fonte: IN24), dos cales o 83,93% son funcionarios (curso 2009-10: 76,5; curso 2010-11: 75; curso 2011-12: 81; curso 2012-13: 83,93. Fonte IN25). Todos estes datos falanos da alta capacitación do profesorado, xa que e estable e doctor o que implica que teñen exoerencia investigadora.

Que o PDI cubre as necesidades docentes da titulación reflectese na ratio de estudantes por profesor: 7,14 (Fonte IN29) o que supón casi unha docencia personalizada. A media de alumnos por grupo de teoría e de 62,4 (Fonte IN30), e por grupo de práctica e de 30,12 (Fonte IN31). Para manter este número de alumnos por grupo de práctica a Facultade fixo o esforzo de crear un grupo de centro.

O coordinador do Grao ten reunións ao principio e a o final de cada cuatrimestre cos profesores para detectar e buscar solucións a calquer problema que se plantexe.

O bo labor do PDI queda plasmado na satisfacción do alumnado ca docencia recibida: 3,71 sobre 5:(Fonte IN50) e en que o 78,95% dos egresados volvería a cursar a titulación (Fonte: Informe da enquisa de satisfacción de egresados (2012 da USC). Sin embargo o nivel de satisfacción do profesorado non e moi alto: 2,94.. Este dato obedece ao desexo do profesorado de que os grupos de practicas fosen mais reducidos. Unha aspiración ideal para que a docencia fose mais eficaz

A titulación tamen conta con persoal administrativo e de servizo suficiente para atender as súas necesidades:

<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pas.html>

#### BOAS PRÁCTICAS:

1. Organización dun calendario de reunións dos coordinadores tanto de curso como do Grao cos profesores para a detección de problemas relacionados ca docencia e a procura de solucións
2. Reunións dos coordinadores ca equipa decanal para coñecer o desenvolvemento da docencia e valorar posibles

actuacions

3. Participación do profesorado en cursos de formación e innovación docente.
4. Seguimento da docencia impartida polo profesor por medio dun sistema de control de firmas na aula xestionado polo decanato
5. Integración do profesorado en Redes de innovación docente

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**3.-Potenciar a coordinación dos procesos administrativos e docentes**

**Punto débil:** Dificultade para poder desenrolar unha actividade coordinada entre administración e docencia.

**Ambito de aplicación:** Grao de Historia

**Responsable:** Decanato e Xestora do Centro

**Obxectivos específicos:** Acadar unha integración maior entre os procesos administrativos e os docentes.

**Actuacións a desenvolver:** Unificar nun mesmo espacal ao persoal administrativo do Centro e dos departamentos.

**Período de execución:** curso 2013-14

**Recursos/ Financiación:** Non se precisa

**Responsable do seguimento:** Vecerreitorado, Decanato, Departamentos.

**Indicadores de execución:** A unificación espacial

<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>
Mellora do proceso de coordinación entre os profesores do Grao. Elaboración de calendario de reunións	Execución da proposta de mellora do apartado Recursos Humanos do Informe do curso 2011-12

## Recursos materiais e servizos

*Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

A titulación de Historia impartese nun edificio histórico o que fai necesaria unha intervención para mellorar as súas instalacións, servizos, accesibilidade... Aínda que desde fai anos falase de facer un Plan Director para a súa rehabilitación, as condicións económicas do momento impiden a súa posta en marcha.

A pesares disto a Facultade dispoñe de todos os recursos materiais e servizos necesarios para impartir o título. O edificio conta con 19 aulas e 6 seminarios. Todas dotadas de sistemas de proxección dixital ( que se renovan continuamente), conexión a internet e wifi

Tamen conta con un aula de cartografía, un laboratorio de prehistoria e xeografía e 3 aulas de informática con un total de 68 postos.

<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/infraestructuras.html>

